



**NOTIFICACIÓN**

<b>Expediente</b>	<b>2022020194</b>
<b>Asunto</b>	NOTIF. LISTADOS PROVISIONAIS

Con data de 06/07/2022 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

*“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 05/07/2022 e que literalmente transcrito di:*

*“O día 14/06/2022 por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as bases reguladoras do proceso de contratación de persoal laboral temporal no marco do programa de integración laboral da Deputación da Coruña anualidade 2022 (PEL concellos), contratación de 2 prazas de condutor-tractorista e 4 prazas de oficial de obras e servizos.*

*Con data 22/06/2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes para ambas categorías.*

*Revisadas todas as solicitudes proponse a concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción dos seguintes acordos:*

**Primeiro.-** *Aprobar a relación provisional de persoas **excluídas** na categoría de **condutor tractorista** que é a que de seguido se relaciona:*

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>CAUSA DE EXCLUSION</b>
DOPICO DATORRE JUAN MANUEL	***8424**	Non achega certificado de Servizo público de emprego
ANSEDES LOPEZ JOSE	***9993**	Solicitud presentada fóra de prazo (non subsanable)

**Segundo.-** *Aprobar a relación provisional de persoas **admitidas** na categoría de **oficial de obras e servizos** que é a que se cita:*

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
RODRIGUEZ FERREÑO ALEJANDRO	***9497**

**Terceiro.-** *Aprobar a relación provisional de persoas **excluídas** na categoría de **oficial de obras e servizos** que de seguido se cita:*

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>CAUSA DE EXCLUSION</b>
FORMOSO OGANDO JUAN RAMON	***7118**	Non achega certificado do Servizo público de

		emprego
RODRIGUEZ LEONARDO JOSE	***0772**	Non achega certificado do Servizo público de emprego

**Cuarto.-** Conceder ás persoas excluídas un prazo de **tres días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web para o obxecto de subsanar, de ser posible e tal e como se recolle nas bases da convocatoria, a causa de exclusión requerida. No caso de que non procederan a antedita subsanación, quedarán excluídas definitivamente da presente convocatoria.

Non obstante, vostede resolverá.”

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña,

**Decreto.-** Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral